

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA

**CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DE 23 DE XUÑO POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS PARA PARTICIPAR NO BIP ERASMUS NEXTGEN SYSTEMS: INTEGRATING DATA SCIENCE ACROSS DISCIPLINES**

Detectados erro no anexo II da citada convocatoria en relación co número de prazas ofertadas, a dotación económica, coa data límite de presentación de solicitudes e cos requisitos académicos e visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, esta reitoría

RESOLVE:

1. Corrixir o número de prazas ofertadas. Onde di 4 prazas, deberá dicir **6 prazas**.
2. Corrixir a dotación económica. Onde di 4.192 €, deberá dicir **6.288 €**.
3. Publicar o prazo límite de solicitudes: **ata o 30 de xuño de 2026 ás 23:59 horas**.
4. Modificar os requisitos académicos publicados no anexo II:

Onde di:

"Estar matriculado no curso académico vixente en terceiro curso ou superior dun grao no ámbito da Enxeñaría Industrial ou de Telecomunicación, ou nun dos mestrados ou programas de doutoramento vinculados os anteditos ámbitos."

Deberá dicir:

"Estar matriculado no curso académico vixente en terceiro curso ou superior dun grao, ou nun dos mestrados ou programas de doutoramento, impartido na Escola Superior de Enxeñaría Informática, na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, na Escola de Enxeñaría Industrial, na Facultade de Filoloxía e Tradución, na Facultade de Historia ou na Facultade de Comunicación".

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xullo).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A reitora
Carmen García Mateo